

A VERDADEIRA HISTORIA DE CARAPUCHIÑA VERMELLA

Texto de BATA

A partir da versión de ANTONIO RODRÍGUEZ ALMODÓVAR

Ilustracións de MARC TAEGER

Tradución de IAGO NICOLÁS

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 pág. 14 €.

PREMIO DANIEL GIL - DISEÑO EDITORIAL 2005 (MELLOR ÁLBUM INFANTIL)

MENTIÓN DO PREMIO DANIEL GIL 2005 (ILUSTRACIÓN)

A verdadeira historia de Carapuchiña Vermella (galego)

ISBN 978-84-8464-480-4. Makakiños de fácil lectura.

La verdadera historia de Caperucita Roja (castelán)

ISBN 978-84-8464-479-8. Makakiños de fácil lectura.

Había unha vez unha nena chamada Carapuchiña Vermella.


A súa avoa regaláralle unha capa vermella, cunha carapucha contra o frío.

Un día, a súa mamá díxolle:

– Vai á casa da avoa, que está enferma...

“A verdadeira historia de Carapuchiña Vermella” é un dos contos tradicionais máis coñecidos que se incorpora -por primeira vez en galego- á colección Makakiños, onde tamén hai relatos de autor adaptados ao sistema de pictogramas, xunto coa serie *Día a día*, formada por guías de apoio que facilitan a autonomía e a intercomunicación coa contorna. Esta iniciativa pioneira impulsada pola Asociación BATA e KALANDRAKA permite achegar a lectura ás persoas con necesidades de apoio educativo e facerlles comprensible o mundo da fantasía, axudando a romper as barreiras da incomunicación.

Esta versión de Carapuchiña realizada por Antonio Rodríguez Almodóvar despois dunha longa investigación sobre as numerosas variantes do conto, axustouse para unha lectura máis fácil, restándolle abstracción á linguxe. Destacan as sorprendentes e vangardistas ilustracións de Marc Taege, de estilo rústico, contrastado cromatismo e moita expresividade: as distintas figuras de Carapuchiña semellan ter saído de *makakiños* feitos por mans infantís e o lobo ten reminiscencias *picassianas*. Ademais do texto e das imaxes, a lectura apóiase na linguaxe de pictogramas SPC, un sistema de comunicación baseado en debuxos e cores.



■ **Temática:** versión de Carapuchiña baseada en textos da tradición oral francesa; adaptada ao sistema de pictogramas.

■ **Idade recomendada:** persoas con necesidades de apoio educativo.

■ **Aspectos destacables:** Premio Daniel Gil 2005; outros títulos da colección *Makakiños*: “[El conejo blanco](#)”, “[La ratita presumida](#)”, “[El patito feo](#)”, “[Chivos chivones](#)”, “[¿A qué sabe la luna?](#)”, “[Nicolás cocina sen lume](#)”, “[Nicolás va de compras](#)”, “[Nicolás va a la biblioteca](#)” (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/carapuchinha-g>

BATA

Mellorar a calidade de vida das persoas con trastorno do espectro autista e das súas familias é o obxectivo de BATA, unha asociación membro de Plena Inclusión que -dende o compromiso ético- contribúe con apoios e oportunidades a que cada persoa con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, e maila súa familia, poida facer o seu proxecto de vida e promover a súa integración como cidadá con todos os dereitos nunha sociedade xusta e solidaria.

<http://www.autismobata.com>

Marc Taege

(Berna, 1963)

Estudou deseño gráfico en Barcelona. Afincado en Galicia, traballa como ilustrador e deseñador. Animación, pintura, escultura e arte gráfica son as especialidades da súa obra, exposta en Luxemburgo, Alemaña, China, España, Francia e Costa Rica. Recibiu o Premio Daniel Gil 2005 polo seu traballo de ilustración e deseño en “[A verdadeira historia de Carapuchiña](#)” (KALANDRAKA). Para a mesma editorial tamén ilustrou os álbums “[Artur](#)”, “[Un máis](#)” (Premio Sarmiento 2019), “[Garavanciño](#)”, “[Elefante comellón](#)”, “[Aquiles o puntiño](#)” e o libro-disco “[Tic tac](#)”.

<http://www.marquski.com>



DE FÁCIL LECTURA

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com

Bata

bata@autismobata.com